

Resolución do 03 de maio de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural pola que se convoca a realización das probas físicas e de agudeza visual aos aspirantes a formar parte das listas reguladas polo Decreto 5/2007, do 25 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, correspondentes a determinadas categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Pladiga.

A base 9ª da Resolución da Dirección Xeral da Función Pública, do 30 de xaneiro de 2007 establece que para poder ser contratados nas categorías de técnico superior de defensa contra incendios forestais, técnico forestal de defensa contra incendios forestais, xefe de cuadrilla, condutor de motobomba, peón condutor e peón defensa contra incendios forestais é requisito imprescindible a superación dunha proba de aptitude física: proba do banco, que consistirá en subir e baixar dun banco de 40 cm. de altura para os homes e 33 cm. para as mulleres, a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces minuto) durante un período de 5 minutos, sendo necesario para ser considerado apto obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación dos resultados da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba: 38 puntos agás no caso dos condutores de motobomba que será de 35. E para poder ser contratado nas categorías de vixiante fixo e vixiante móbil é requisito imprescindible a superación dunha proba de agudeza visual na que tamén o resultado é apto ou non apto.

Por outro lado o Acordo do 23 de marzo de 2011 entre a Consellería de Facenda e a Consellería do Medio Rural, polo que se encomenda a xestión de determinadas materias relacionadas coas listas de contratación temporal de persoal laboral adicado ás tarefas de prevención e extinción de incendios forestais e do Pladiga derivadas do Decreto

37/2006, do 2 de marzo á Consellería do Medio Rural, establece na cláusula 1.a) que a organización e realización da proba física, e, no seu caso, de agudeza visual, á cal deben someterse os distintos integrantes das listas, corresponde á Consellería do Medio Rural.

En base ao anterior, esta Secretaria Xeral Técnica,

RESOLVE:

1º.-As probas físicas e de agudeza visual dos aspirantes das listas reguladas polo Decreto 5/2007, do 25 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, correspondentes a determinadas categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Pladiga, iniciaranse ás 8:30 horas do día 18 de maio de 2011 nas capitais das catro provincias galegas, nos seguintes lugares:

- A Coruña: Pavillón Polideportivo “Monte Alto”; rúa Alcalde San Jurjo, s/n. A Coruña.
- Lugo: Pistas Deportivas “Gregorio Pérez Rivera (As Pedreiras)”; rúa Filarmónica Lucense s/n. Lugo.
- Ourense: Polideportivo “Campo da Feira”; paseo do Tinteiro, s/n. Ourense.
- Pontevedra: Pavillón Municipal dos Deportes; r/ Juan Manuel Pintos s/n. Pontevedra.

2º.- A data de realización das probas será determinada pola orde alfabética dos apelidos dos aspirantes e será a seguinte para cada provincia:

Data	Apelidos
18/05/2011	A-B-C-D
19/05/2011	E-F-G-H-I
20/05/2011	J-K-L-M-N-Ñ
23/05/2011	O-P-Q-R
24/05/2011	S-T-V-W-X-Y-Z

Os aspirantes poderán consultar o día e o lugar de realización das probas na páxina web da Consellería do Medio Rural, <http://mediorural.xunta.es>.

A partir do día do inicio das probas, expoñerase nos lugares de realización das probas, así como nos Distritos Forestais de cada provincia, a relación de aspirantes con indicación da data de realización correspondente.

3º.- Os aspirantes realizarán as probas na provincia do seu domicilio. Os que teñan o domicilio fóra de Galicia poderán realizar as probas en calquera das provincias en que pretendan traballar.

4º.- Dado que a vixencia das probas é anual, están obrigados a realizar estas probas todos os aspirantes.

5º.-Os aspirantes deberán acudir á realización das probas provistos do DNI e dun certificado médico oficial ou informe sobre o estado de saúde en vigor.

6º.-A realización das probas estará coordinada por unha comisión provincial composta por dous representantes da Consellería do Medio Rural e un representante das organizacións sindicais. Así mesmo poderase nomear persoal colaborador das comisións.

Santiago de Compostela, 03 de maio de 2011

O secretario xeral técnico

Jorge Atán Castro